

## LINGUA GALEGA 4º. TRABALLAMOS UN TEXTO TEATRAL

### EXCURSIÓN Á GUARDA

**Ao se acender as luces aparecen Xan e Xosé diante do público, levan unha mochila, unha gorra branca e unha lupa na man.**

**XOSÉ (Sorprendido):**Oooh, que bonita é esta praia!

**XAN:**Mira, alí hai unha rocha moi especial. Imos ver que é ! (Corren)

(Agóchanse para examinar a rocha coa lupa.)

**XOSÉ:** Para os xeólogos coma nós este lugar é un paraíso, está cheo de fósiles.

**XAN:** Mira! Que é iso de aí? Non é posible,son dous dinosauros! ( Camiña cara atrás cos ollos moi abertos....)

(Os pequenos Ollos Grandes e Dino están diante dunha lanterna e proxectan unha gran sombra)

**XOSÉ:** Quen nos vai salvar? (...)

#### **FAI ESTAS ACTIVIDADES NA LIBRETA:**

- 1.Se ninguén che dixera nada, como sabes ti que este é un textro teatral?
- 2.Hai monólogo nesta peza teatral? Xustifica a túa resposta.
- 3.Cantas acotacións ves neste texto? Copia as acotacións que hai no texto.
- 4.No teatro, para que se usan as acotacións?
- 5.Cal é o obxectivo principal das persoas que escriben obras de teatro?
- 6Ao final deste texto aparece este signo de puntuación (...) Que significa?
- 7.Por que nas obras de teatro se usan tanto os signos de exclamación ¡! ?
- 8.Continúa ti este texto inventando un final para el. Usa algunha acotación.
- 9.Imaxina o decorado que podería ter este trozo de texto. Debúxao e coloréao.

